



Oficialía Mayor

Decreto núm. 2020004213, de fecha 19 de agosto de 2020.

“Decreto de la Alcaldía.- Ourense, en la fecha de la firma electrónica.

Una vez visto el escrito (documento electrónico con CSV núm. RAK8P1LU2VT1T170), firmado por la concejala delegada del Área de Educación, Promoción Económica, Recursos Europeos y Formación Ocupacional, doña María Teresa Rodríguez Garrido, y por el concejal delegado del Área de Medio Ambiente, Perímetro Rural y Cooperación Institucional, por el que solicitan que se le asigne la competencia para la gestión del proyecto GeoAtlantic en el Ayuntamiento de Ourense, enmarcado en el Programa INTERREG Espacio Atlántico, por haberse transferido previamente en este ejercicio 2020 la ejecución de créditos presupuestarios de este proyecto a la Concejalía de Medio Ambiente por la existencia de sinergias operativas entre los objetivos de dicho departamento y los distintos paquetes de trabajo del proyecto; e considerando que en virtud del decreto vigente de delegación de competencias de la Alcaldía en los concejales y en la Junta de Gobierno local núm. 2019006487 del 10.09.2019 la competencia para la gestión del dicho proyecto europeo está delegado en la concejala doña María Teresa Rodríguez Garrido al estar integrado en el apartado 4.2 “Promoción económica, industria, empleo y recursos europeos” del Área de Gobierno de Educación, Promoción Económica, Recursos Europeos y Formación Ocupacional; de acuerdo con lo expuesto, en el uso de las atribuciones que me fueron concedidas por el artículo 124.5 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local y en relación con lo dispuesto en los artículos 43 y 44 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, esta Alcaldía resuelve:

1.- Delegar de forma especial en el concejal delegado del Área de Medio Ambiente, Perímetro Rural y Cooperación Institucional, don Jorge Pumar Tesouro, las facultades de la Alcaldía recogidas en el apartado primero del decreto núm. 2019006487 del 10.09.2019, en relación con el programa GeoAtlantic.

2.- Notificarle personalmente la presente resolución al designado. La delegación para ser eficaz requerirá su aceptación por parte del delegado. Se entenderá aceptada tácitamente si en el término de tres días hábiles contados desde la notificación del acuerdo el concejal destinatario de la delegación no hace manifestación expresa delante del órgano que delega de que no acepta la delegación.

3.- Se le dará cuenta al Pleno y a la Junta de Gobierno Local en la primera sesión que tenga lugar y se publicará en el Boletín Oficial de la Provincia y en el tablón de edictos de la casa consistorial, sin perjuicio de su efectividad desde el mismo día de su firma.

4.- Contra este acuerdo, que pone fin a la vía administrativa, se podrá interponer recurso potestativo de reposición en el plazo de un mes ante el mismo órgano que lo dictó, o bien, recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos meses ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo, sin perjuicio de la posibilidad de interponer cualquier otro recurso que se estime procedente.

Lo manda y firma el alcalde de lo que yo, como oficial mayor, doy fe.

El alcalde. Asdo.: Gonzalo Pérez Jácome. El oficial mayor.

Asdo.: Carlos Javier Fernández Fernández”.

Ourense, en la fecha de la firma electrónica. El alcalde.

Fdo.: Gonzalo Pérez Jácome.

R. 2.000

Ramirás

Logo de aprobar por Resolución da Alcaldía a contratación das prazas que se achegan a continuación, en réxime laboral temporal, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Ourense.

Bases que rexerán a selección dun traballador chofer do transporte municipal do Concello de Ramirás e creación de bolsa de traballo para o ano 2020

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación por este concello dun traballador como chofer do transporte municipal, coa categoría de peón de oficios varios. A natureza do contrato será laboral ao abeiro da lexislación vixente, iniciándose a prestación desde a data da sinatura do contrato ou a alta do dito contrato e ata o 31/12/2020. Os primeiros quince días serán o período de proba. A bolsa de traballo terá a mesma duración.

Segunda.- Réxime xurídico da convocatoria.

A relación rexerá pola lexislación laboral, sendo de aplicación principalmente o RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e especialmente ás locais.

Terceira.- Horario laboral e retribucións.

De luns a domingo, a xornada parcial de 25 horas semanais, 5 horas diarias, segundo as necesidades do servizo, conforme coa planificación dos traballos que para o efecto sinala a Alcaldía, e conforme co establecido no Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

O salario é de 692,71 € brutos/mensuais, incluídos todos os conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extras.

Cuarta.- Funcións.

1. Conducir o vehículo de transporte municipal realizando as rutas que para o efecto estean establecidas.

2. Realizar, de ser o caso e baixo mandato da Alcaldía, o transporte dos nenos dende as súas casas ata a parada do transporte escolar.

3. Manter o vehículo en perfecto estado de conservación e limpeza.

4. Realizar as reparacións que non necesiten ir ao taller.

5. Vixiar o correcto estado de mantemento do vehículo, solicitando á Alcaldía permiso para o desprazamento do vehículo ao taller.

6. Realizará a limpeza diaria do vehículo, tanto exterior como interior, de xeito que este se atope en axeitadas condicións para prestar o servizo.

7. Todas aquelas establecidas na Ordenanza reguladora do transporte municipal no Concello de Ramirás.

8. Deberá seguir obrigatoria e diariamente as rutas que fixe o órgano competente, sendo o incumprimento da realización das rutas motivo de rescisión do contrato de traballo.

9. Desempeñar as funcións propias dun operario de servizos varios (desbravado, limpeza de edificacións, albanelería, etc.), para o caso de que non sexa posible que o traballador desenvolva as funcións propias do posto de condutor do transporte municipal.

Quinta.- Participación e presentación de solicitudes.

Para tomar parte na convocatoria os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Nacionalidade:

* Ter nacionalidade española



* Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea

* Ser nacional dalgún estado no que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

* Poderán participar tamén, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes de españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os dos seus cónxuxes sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

- Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións, o que se acreditará mediante certificado médico.

- Idade: ter cumpridos dezoito anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima da xubilación forzosa.

- Incompatibilidade: non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

- Habilitación: non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que lle impida, no seu estado, e nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Titulacións. Estar en posesión das seguintes titulacións:

* Non se esixe requisito de titulación, por estar asimilado o posto de traballo ao que se refire o presente concurso a unha agrupación profesional sen requisito de titulación.

- Imprescindible ter vixente o permiso de conducir clase B.

Todos os requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Sexta.- Documentación para presentar e prazo.

Para participar nas probas selectivas os/as aspirantes, interesados no posto de traballo, deberán cubrir a solicitude que se lles facilitará nas oficinas do Concello de Ramirás. A dita solicitude dirixirase ao Sr. alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do concello onde queren prestar servizo ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao anuncio no Boletín Oficial da Provincia. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas antes de ser certificadas. A documentación para incluír será a mesma que se se presentase a solicitude no Rexistro Xeral do concello. Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral, é necesario que os/as interesados/as, dentro do prazo de presentación, remitan un fax ao concello avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Xunto coa instancia (anexo I), deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte en vigor. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais realizados

pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. E así mesmo, os familiares dos anteriores deberán presentar ademais fotocopia cotexada dun documento que acredite esta condición. Os aspirantes estranxeiros distintos dos anteriores deberán presentar ademais da fotocopia cotexada do pasaporte, a tarxeta de identidade de estranxeiro que o habilita para residir en España e traballar nas prazas ofertadas.

- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- Fotocopia compulsada da titulación requirida para o acceso aos postos. No seu defecto e, de ser o caso, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo; no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia na que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso. Fotocopia compulsada do permiso de conducir esixido vixente e que teña validez para poder ser utilizado no territorio nacional español.

- Declaración de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións a levar a cabo respecto da praza á que se pretende optar.

- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa orixinal ou debidamente compulsada de cada un deles. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Así mesmo, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Sétima.- Proceso de selección.

O procedemento de selección será o concurso e farase en función do seguinte baremo de méritos:

7.1. Méritos académicos. Máximo 0,50 puntos

Por posuír o graduado de escolaridade obrigatoria: 0,25 puntos.

Por posuír o título de bacharelato: 0,50 puntos.

7.2. Experiencia profesional. Máximo 6,00 puntos. A experiencia profesional pola realización de traballos similares á praza que se convoca valorarase segundo o seguinte baremo:

Por cada mes de traballo na Administración local, en traballos idénticos ou similares á praza a que se opta: 0,20 puntos/mes. Acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.

Por cada mes de traballo noutras administracións, en traballos idénticos ou similares á praza a que se opta: 0,10 puntos/mes. Acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.

Por cada mes de servizos prestados en traballos idénticos ou similares na empresa privada, nos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes. Acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral. Non se terán en conta as fraccións de mes.

7.3. Proba tipo test. Máximo 2,00 puntos.

É interese da Alcaldía que a persoa seleccionada coñeza o medio e poida desenvolverse no posto de traballo, polo que se



realizará unha proba tipo test no que se avaliarán os seguintes criterios:

1. Coñecemento territorial do Concello de Ramirás.
2. Coñecementos de galego.
- 7.4. Carné de conducir tipo C. Máximo 0,50 puntos.

Por posuír o carné de conducir tipo C o día que remate o prazo de presentación de solicitudes: 0,50 puntos.

Oitava.- Tribunais de selección.

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado por un presidente, dous vogais e un secretario, e os seus respectivos suplentes, sendo nomeados polo alcalde do concello e publicados no taboleiro de anuncios de cada concello. Todos os membros do tribunal deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada, terán todos voz e voto.

Segundo o recollido no artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes e, en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose, así mesmo, en conta que o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión, e que actuarán por tanto con voz pero sen voto. Os membros do tribunal deberán abstenerse de intervir, notificándoo ó Sr. alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/a presidente/a do tribunal poderá requirir aos membros deste declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo. O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Novena.- Procedemento de selección.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ao procedemento, que se fixará no taboleiro de anuncios de cada concello, concedéndose un prazo de tres días hábiles, contados dende o mesmo día ao da publicación da lista, para reclamacións, corrección de erros ou emendas, que soamente poderán ser formuladas polas persoas excluídas. Así mesmo, tamén aparecerá nesa resolución a composición do tribunal cualificador. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo, estimándoas ou desestimándoas, con publicación de novo da lista definitiva. No caso de non pre-

sentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo. Os aspirantes serán así convocados para a realización da entrevista/exame escrito en chamamento único, sendo excluídos da selección os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas. Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou pasaporte. Deseguido procederase á valoración dos méritos alegados polos/as candidatos/as, publicándose no taboleiro de anuncios do concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección levaranse a cabo, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do concello.

A información de carácter persoal contida nelas será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais. No caso de empate na puntuación final, darase preferencia á puntuación obtida dentro da experiencia profesional; de persistir o empate, a persoa que leve máis tempo empadroadada no concello.

O tribunal, en ningún caso, poderá propoñer un número superior de aspirantes a contratar que o de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito. O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

Décima.- Proposta e nomeamento.

Una vez valorados todos os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a proposta de nomeamento a favor do candidato que obtivese a maior puntuación. O tribunal formulará a composición da bolsa de traballo. Realizarase a publicación no taboleiro de anuncios do concello.

Undécima.- Bolsa de emprego.

11.1. Procedemento de chamamento. O chamamento das persoas integrantes da bolsa de traballo realizarase por estrita orde de clasificación definitiva. As persoas candidatas relacionadas na bolsa manteranse sempre no mesmo posto e coa mesma puntuación, agás o establecido no apartado 11.2 e 11.3 das presente bases.

O chamamento realizarase vía telefónica. A comunicación efectuarase segundo as seguintes fórmulas: 1ª. Chamada telefónica entre as 9.00 e as 14.00 horas.

2ª. Chamada telefónica entre a 9.00 e as 14.00 horas do seguinte día hábil.

A realización dos chamamentos na forma indicada requirirá que as persoas aspirantes facilitasen nas súas solicitudes de participación no proceso o número de teléfono; no caso de consignar máis dun número de teléfono deberá especificar unha orde de preferencia. A aceptación da oferta efectuarase por vía telefónica, antes das 12.00 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento. Unha vez transcorrido o dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada. No caso de urxente necesidade, as dúas chamadas telefónicas realizaranse no mesmo día entre as 9.00 e as 14.00 horas, sendo obrigatorio que a aceptación da oferta se realice no mesmo momento no que se produce o chamamento. En calquera caso, de non ser posible a comunicación ou non contestar a esta no prazo indicado, pasarse ao seguinte aspirante. No expediente administrativo correspondente deberá constar dilixencia da persoa que realiza os chamamentos, na que se reflita a data, hora/s das chamadas tele-



fónicas, así como a resposta que se recibiu. Para a correcta localización dos candidatos, os integrantes da bolsa están obrigados a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado. Pola contra, quedarán ilocalizados, o que daría lugar a exclusión da bolsa. Una vez obtida a conformidade do interesado a quen corresponda o posto, procederase a súa contratación laboral deixando constancia no expediente dos cambios que como consecuencia do chamamento se produzan na correspondente lista. As persoas integrantes da bolsa que fosen contratadas para a cobertura de posibles interinidades, volverán ocupar a posición que lles correspondese nela unha vez finalizada a súa contratación, sendo chamadas para posteriores contratacións, por orde de puntuación. No caso de que algún integrante da bolsa se atopase desenvolvendo un contrato de interinidade para a cobertura dun traballador desta bolsa, poderá ser informado das posibles melloras de contrato que xurdan nese período e elixir a que estimen oportuna.

11.2. Renuncia e suspensión de chamamentos. No caso de que o interesado renunciase ao contrato ou chamamento ou non atendese ao chamamento, pasará ao último posto da lista, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas nos que se producirá a suspensión dos posteriores chamamentos mantendo o seu posto na lista, e que son:

- Estar traballando no momento de ser chamado, debendo achegar copia do contrato de traballo.
- Estar en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade, accidente de traballo ou baixa maternal, con comunicación da baixa, debendo achegar documentación acreditativa da situación.
- Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio da Alcaldía.

Nestes casos será necesario achegar o correspondente xustificante nun prazo non superior a 5 días hábiles desde que se produce o chamamento telefónico. A non remisión do documento que acredite a xustificación das devanditas causas, suporá a cualificación de rexeitamento inxustificada e pasar ao final da lista. A suspensión dos chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade alegando o fin da causa que motivou a suspensión. Para tal efecto a persoa interesada deberá presentar solicitude de reposición dirixida á Alcaldía.

11.3. Exclusión. Serán causas de exclusión dun integrante da lista:

- Renuncia expresa a formar parte da lista.
- Non presentar dentro do prazo fixado a aceptación do posto de traballo sen causa xustificada.
- Non comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado dando lugar á súa ilocalización.
- Renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo unha vez que foi contratado.
- Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou despedido declarado procedente.
- O rexeitamento sen causa xustificada dun posto de traballo en tres ocasións.

En Ramirás. A alcaldesa.

Asdo.: Isabel Gil Álvarez.

Después de aprobar, por Resolución de la Alcaldía, la contratación de las plazas que se adjuntan a continuación, en régimen laboral temporal, se abre el plazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles, contados desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP de Ourense.

Bases que regirán la selección de un trabajador chófer del transporte municipal del Ayuntamiento de Ramirás y creación de bolsa de trabajo para el año 2020

Primera.- Objeto de la convocatoria.

El objeto de las presentes bases es regular la contratación por este ayuntamiento de un trabajador como chófer del transporte municipal, con la categoría de peón de oficios varios. La naturaleza del contrato será laboral al amparo de la legislación vigente, iniciándose la prestación desde la fecha de la firma del contrato o el alta de dicho contrato y hasta el 31/12/2020. Los primeros quince días serán el período de prueba. La bolsa de trabajo tendrá la misma duración.

Segunda.- Régimen jurídico de la convocatoria.

La relación se regirá por la legislación laboral, siendo de aplicación principalmente el RD 2720/1998, de 18 de diciembre, por el que se desarrolla el artículo 15 del Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores en materia de contratos de duración determinada, sin perjuicio de las normas administrativas que sean de aplicación al personal al servicio de las administraciones públicas y especialmente a las locales.

Tercera.- Horario laboral y retribuciones.

De lunes a domingo, a jornada parcial de 25 horas semanales, 5 horas diarias, según las necesidades del servicio, conforme a la planificación de los trabajos que al efecto señale la Alcaldía, y conforme a lo establecido en el Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores.

El salario es de 692,71 € brutos/mensuales, incluidos todos los conceptos salariales y la parte proporcional de las pagas extras.

Cuarta.- Funciones.

1. Conducir el vehículo de transporte municipal realizando las rutas que al efecto estén establecidas.

2. Realizar, de ser el caso, y bajo mandato de la Alcaldía, el transporte de los niños desde sus casas hasta la parada del transporte escolar.

3. Mantener el vehículo en perfecto estado de conservación y limpieza.

4. Realizar las reparaciones que no necesiten ir al taller.

5. Vigilar el correcto estado de mantenimiento del vehículo, solicitando a la Alcaldía permiso para el desplazamiento del vehículo al taller.

6. Realizará la limpieza diaria del vehículo, tanto exterior como interior, de manera que el mismo se encuentre en idóneas condiciones para prestar el servicio.

7. Todas aquellas establecidas en la Ordenanza Reguladora del Transporte Municipal en el Ayuntamiento de Ramirás.

8. Deberá seguir obligatoria y diariamente las rutas que fije el órgano competente, siendo el incumplimiento de la realización de las rutas motivo de rescisión del contrato de trabajo.

9. Desempeñar las funciones propias de un operario de servicios varios (desbroce, limpieza de edificaciones, albañilería, etc.), para el caso de que no sea posible que el trabajador desarrolle las funciones propias del puesto de conductor del transporte municipal.

Quinta.- Participación y presentación de solicitudes.

Para tomar parte en la convocatoria, los aspirantes deberán reunir los siguientes requisitos:

- Nacionalidad:

** Tener nacionalidad española.*